



Antonio González Álvarez proclámase Campión Provincial de Lugo de Caza de Arceas

O pasado 24 de novembro de 2007 tiña lugar no Tecor da Sociedade de Cazadores 'O Moucho', sito no Concello de Pol, o Campionato Provincial de Lugo de Caza de Arceas, organizado pola FGC en Lugo en colaboración coa Sociedade de Cazadores de 'O Moucho'.

Participaban un total de 28 cazadores, entre os cales Antonio González Álvarez, da Sociedade Rio Miño, proclamábase Campión Provincial ao abater tres arceas. No segundo posto remataba Andrés Pena Vázquez, da Sociedade Miraz, quen abatía dúas arceas; e no terceiro lugar, tamén con dúas arceas cazadas quedaba Cristian Fernández Abuín, da Sociedade Soñar.

CLASIFICACION FINAL			
Pos.	Cazador	Pezas Cazadas	Puntos
1º	Antonio González Álvarez	3 arceas	1500
2º	Andrés Pena Vázquez	2 arceas	1000
3º	Cristian Fernández Abuín	2 arceas	1000
4º	Javier Novas Ferreira	2 arceas	1000
5º	Rogelio Gómez Rodríguez	2 arceas	1000

Estes cinco participantes representarán á provincia de Lugo no vindeiro Campionato Galego da modalidade.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com